

02

# Discursos en acción

## Conferencias performativas

Sábado 22 de agosto

- 11:30 [Jacobo Bugarín](#)  
Another language  
in another body \*
- 13:00 [Misha Bies Golas](#)  
Contar pezas
- 16:15 [Xisela Franco](#)  
O meu é teu  
pero o teu non é meu

\* A conferencia desenvolverase en inglés.  
Será activada por Manu Fernández.

Librería  
Numax

Entrada de balde  
con reserva de praza no correo  
[comunicacion@numax.org](mailto:comunicacion@numax.org)

Iñaki Martínez Antelo  
David Barro  
Mónica Maneiro  
Comisarios

**NUMAX**

Comisariado por

PERFORMA



Co apoio da

Deputación  
DA CORUÑA

# Jacobo Bugarín

## Another language in another body

Un exercicio de memoria a modo de presentación: diría que a ti te coñecín hai 15 anos nun mosteiro, a el no museo, cando quixen vir de veraneo dende Barcelona. Recordo que tiña moitas ganas de beber: unha coca-cola?

E agora aquí, coa Montiel a unha parede de distancia, a tenda de animais enfronte, a Capitol, as galerías para atallar cada día camiño ao colexio de monxas, o chinés ao que nunca entrei,... Non podo evitar pensar no tempo que pasamos a un metro de aquí montando *Circo de Pulgas* con Ana, Balta, Moni, Ricardo, Nuria, Celeste,... sentados nese chan amarelo que tanto lle custou a Baltasar, e estar aquí neste cubo negro que nos fai ver as cousas tan distintas; o mesmo que nos pasa coa tenda de animais de enfronte porque agora sabemos que non podemos compralo todo e iso aínda se nos fai estraño. Pensar no seu momento que a Capitol era, con total seguridade, unha sala de Berlín: eu non estiven alí xamais, en Berlín, pero si desexei ser outro. Non estar alí non significa exactamente que non vaia a estar aquí agora eu tampouco; é falar outro idioma noutro corpo. Dicar algo —non importa a quen— e atender á mensaxe e ás súas formas.

**Jacobo Bugarín** desenvolve o seu traballo centrado na percepción e relación entre espazo-objeto e individuo-sociedade. A súa obra achégase á crítica institucional, marcada polo dominio do deseño espacial así como do traballo site-specific e contextual, nunha complexidade que só se desvela ao espectador no tránsito á sala. En 2017 o seu traballo foi merecedor das Becas de Creación Artística no Estranxeiro Gas Natural Fenosa e do IX Premio LABjoven, Los Bragales. Entre as súas últimas exposicións individuais atópanse *Unha voz sen corpo entre muros* Sala Alterarte (Ourense, 2019); *Del arte más que del frío* LABoral Centro de Arte (Gijón, 2018) ou *It is no longer in its place* Interview room 11 (Edimburgo, 2018). O seu traballo tamén foi presentado en 2016 na Sala Borrón de Oviedo, a sala de arte Zona C de Santiago de Compostela e o espacio Gabriel de Lorient (Francia) ao que se suman os seus



anteriores proxectos no espazo Baleiro da USC en Santiago de Compostela en 2014 e na Galería 9THE13 no 2012. Tamén puido verse en exposicións colectivas no CGAC de Santiago de Compostela, o MARCO de Vigo, EsBaluard en Palma de Mallorca, a Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, o Museo de Arte Contemporáneo Gas Natural Fenosa de A Coruña, Fabra i Coats en Barcelona ou a Sala de Arte Joven da Comunidad de Madrid entre outros.

# Misha Bies Golas

## Contar pezas

Memoria oral dunha catalogación. Unha deriva a partires de certos obxectos que me veñen acompañando dende hai algún tempo. Un percorrido polos estantes e caixas do meu taller, polos meus arquivos, pola miña memoria, unha revisión dalgunhas das pezas que compoñen a miña obra e unha avaliación da vixencia das mesmas. Breves narracións de tempo atrás que volven estar presentes no meu imaxinario grazas á recombinação das súas partes, dos elementos físicos e mentais que as conformaron. Nunha tentativa de recapitular coa intención de reactivar ou anular diferentes dispositivos. Nun contar, quizais, o que non debera. Un anecdotario.

**Misha Bies Golas** (Lalín, 1977) é artista plástico, educado no campo da fotografía e o deseño. É un artista de mínimos, que emprega a modestia dos medios claramente ao seu favor para crear unha obra chea de referencias a un mundo terreal, absurdo e en ocasións abxecto pero dende a óptica do observador agudo e perspicaz que anda sempre a buscar a puntada. A súa obra puido verse no CGAC (Santiago de Compostela), Galería ADHOC (Vigo), Fundación Luis Seoane (A Coruña), MARCO (Vigo), Laboral (Gijón), Sala Josep Renau da Facultade de Belas Artes de San

Carlos (Valencia), Appleton Square (Lisboa), Fundación DIDAC (Santiago de Compostela) e Galería Luis Adelantado (Valencia) entre outros espazos. Entre as súas últimas exposicións atópanse *Referenciação*, Sala Projeto Fidalga, São Paulo (Brasil), 2018; *Entre rueda y Bahamontes* en Galería Addaya, Palma de Mallorca, 2019; *Tribuna Pública*, Praza Fábrica de Tabacos, A Coruña no 2019 e *La cuestión es ir tirando*, Centro Cultural de España en México, 2020. Foi merecedor de importantes premios como o Primeiro Premio IV Convocatoria Mardel de Pintura, a Beca DKV/MARCO o Premio de Adquisición V Premio Internacional de Artes Plásticas Fundación María José Jove e a Beca Novos Valores da Deputación de Pontevedra. A súa obra forma parte de importantes coleccións como a Colección CGAC, Colección DKV, Fundación María José Jove, Colección Fundación Luis Seoane, Colección MICA ou Colección Mardel entre outras. Realizou colaboracións con outros artistas como Carlos Maciá, Jorge Varela, o grupo Ataque Escampe ou o cineasta Eloy Enciso entre outros. É xunto a David Silva programador do espazo Ciclón en Santiago de Compostela.



# Xisela Franco

## O meu é teu pero o teu non é meu

Proxecto presentado como conferencia performativa de carácter reflexivo á vez que experiencia de cinema en directo, onde exploro desde o meu actual estado de confusión conceptos da filosofía recorrentes na miña propia vida. En tres actos, a conferencia xira ao redor de capítulos-proposicións con títulos como *Simulacros do real*, *Medo e liberdade*, *Precariedade e sistema*, *Patoloxías da tecnocracia e a saúde*, *Unha nova identidade*, *A miña maternidade é un espello*, *O acto creador*, *A desesperanza como utopía*, *Eu, muller e animal*. Aproveito este formato que recae na palabra para compartir de forma impúdica esta persoal madeixa de imaxes autobiográficas e pensamentos contradictorios despregando a miña vida como acción visual poética e reflexiva. Razón, linguaxe e poesía. Contarei coa inestimable colaboración do artista Roi Fernández a cargo da creación e manipulación audiovisual en directo.

**Xisela Franco** é cineasta e investigadora con ampla traxectoria no documental experimental, sempre indagando novos camiños que cuestionen a identidade do cinema para redefini-lo. Licenciada en Comunicación Audiovisual e posteriormente en Filosofía na UEM de Madrid, cidade na que funda a súa produtora Epojé Films coa que realiza documentais para TVE ou Canal Historia, ao tempo que películas con vocación artística. Coa súa obra *Aadat* (2004, co-dirixida con Noé Rodríguez) recibe entre outros, o galardón Ciudad de Madrid al Mejor Documental Español no Festival Documenta Madrid, ou o Premio a Mejor Obra de Videoarte de Vitoria Gasteiz. Entre 2006 a 2010 trasládase a Canadá, becada pola Fundación Caixa Galicia de Estudos de Postgrado e cursa un MFA en York University. No Departamento de Cinema de York tamén imparte clases de Film Art. En 2010 regresa a España e dirixe a serie de 13 documentais para TVG *As Raíces da Industria Galega* así como outros documentais de carácter social ou histórico, vertente que combina con traballos máis persoais ou experimentais. En 2015 gaña o premio de Producción ARTISTAS 2015 do Marco de Vigo e en 2016 dirixe o proxecto *Cinema e Muller*. O seu traballo máis artístico ten sido seleccionado en

festivais internacionais e recibe premios en festivais como Curtocircuíto ou Cinemística en Granada. Ten exposto en espazos da arte contemporánea como a Fundación Luis Seoane, Cidade da Cultura, Auditorio de Galicia, ou na Casa das Artes e no MARCO de Vigo. Actualmente é profesora asociada na Facultade de Belas Artes da UVigo e colabora con diversos festivais de cinema da escena galega comisariando ciclos con perspectiva de xénero ou organizando mesas redondas ou talleres. Remata a súa tese doutoral sobre a intersección cinema-arte contemporáneo en Galicia, dirixida pola cineasta Margarita Ledo e a artista Mar Caldas.

